
Seminario hispano-noruego e-Saúde

- Last Updated (13.09.2006)

ASIMELEC e IKT Norgue organizan conxuntamente, no sector das TI, unhas xornadas de e-Saúde, que terán lugar o vindeiro 28 e 29 de setembro en Madrid.

ASIMELEC, www.asimelec.es, agrupa e representa a máis de 1.800 empresas dos sectores electrónico, comunicación e tecnoloxías da información españolas que aportan o 3% do PIB español e que empregarán a máis de 300.000 persoas. IKT Norgue é a súa asociación homóloga noruega, www.ikt-norge.no, con cifras relativas de representación moi similares. Ambas asociacións desenvolven proxectos conxuntos orientados a diversos ámbitos sectoriais.

Estas xornadas de e-Saúde estarán enfocada dun xeito vanguardista e con novos desenvolvementos das TI. Realizaranse conferencias seguidas de mesas redondas de expertos con toma de postura e debates posteriores, e relatorios específicos con quenda aberta de preguntas.

O evento está orientado a tres perfís moi definidos: responsables de sistemas e de recursos humanos de hospitais e clínicas, responsables de sistemas de organizacións e institucións con ou sen atención ao público e empresas que teñan parte da súa actividade orientadas a aplicacións sanitarias e de saúde.

Por outra banda, as xornadas contarán con tradución simultánea, as conferencias e relatorios carecerán de presentación comercial e a inscrición de asistentes e congresistas será gratuíta. Aínda que haberá un aforamento limitado a 120 persoas, resolvéndose as inscricións segundo orde de recepción.

Programa das xornadas | Folla de inscrición

Para máis información www.asimelec.es.